

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE MARZO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 20 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey (asiste a todos os puntos agás o 8b e 9b)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 8b e 9b)

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4a, 8b, 8c, 8d, 9b, 9c e 9d)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 4a, 8b, 8c, 8d, 9b, 9c e 9d)  
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8a e 9a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8f e 9f)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta da sesión do 15 de marzo de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 15 de marzo de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. José Riesgo Boluda e D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal.

### **4.- Apertura económica**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	374.845,89 €
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	367.498,81 €
3	C.D. INDEPO, S.L.	359.620,03 €
4	HIDROMIÑO, S.L.	364.936,99 €
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	357.203,23 €
6	ORESA, S.L.	364.453,63 €
7	COPCISA, S.A.	360.731,76 €
8	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	403.605,82 €
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	366.870,44 €
10	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	368.562,20 €
11	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	368.762,55 €
12	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.).	365.899,99 €
13	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	363.245,23 €
14	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	353.481,35 €
15	UTE EXCAVACIONES Y CONST. LAUREANO COVELO, S.A.-SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	363.484,00 €

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura: D. José Vicente Picos García, con DNI 32.804.031-M, en representación de COPCISA, S.A.; e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Prezo	Redución prazo execución obras (días)	Incem. prazo mín. garantía. elementos parque (anos)	Incem. prazo mín. garantía (anos)
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U.	144.999,78	21	10	10
2	JARDINCELAS S L	144.081,35	21	10	10
3	HPC IBERICA, S.A.	187.199,34	21	10	10
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.	178.959,00	21	6	1
5	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	162.353,21	21	10	0
6	ELSAMEX, S.A.	175.994,50	21	10	10
7	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	165.119,74	14	4	6

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro (10.083-446)**

Retírase este asunto da orde do día pola necesidade de rectificar o informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 14 de marzo de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) (informe sobre B)**

En primeiro lugar, a secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión do 26 de febreiro de 2018 se adoptaron os seguintes acordos para a emenda de documentación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Emenda da documentación persoal presentada por IDOM CONSULTING ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U. (para que aclarase se algunha das empresas do seu grupo concorren a esta licitación e, no seu caso, indicar cales).

O licitador presenta, dentro do prazo concedido, unha declaración na que relaciona as empresas pertencentes ao seu grupo e manifesta “non presentándose ningunha delas á presente licitación”.

- Emenda da documentación técnica presentada pola UTE G.O.C, S.A. E NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. e a UTE GALAICONTROLSL- HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS, S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ por non estar asinadas conforme as esixencias do prego.

Ambos os dous licitadores emendaron correctamente as súas proposicións no prazo concedido.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia municipal, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - Feder Vigo Vertical o 16 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, así como o informe que rectifica e substitúe ao anterior de data 20 de marzo de 2018.

Asiste á sesión o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, D. Jerónimo Centrón Castaños para explicar o informe.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia” (10.114-446) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Presente na sesión a adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, aclara



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



que a puntuación correspondente a CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. polo apartado "Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar" do Plan de control de calidade son 5,50 puntos, como indican as táboas, e non 5,00 puntos como se indica no texto do informe, concretamente na primeira liña da páxina 8.

**f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola xefa Servizo de Educación o 16 de marzo de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica e substitúe ao anterior de data 20 de marzo de 2018.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 14 de marzo de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e acorda:

- Excluir a EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) por non axustarse a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor ao prego de prescricións técnicas, motivo de exclusión previsto no apartado 13.5c do prego de cláusulas administrativas particulares. Sinala o informe do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego do 14 de marzo de 2018, de valoración do sobre B:

*"Do estudio das ofertas presentadas, a presentada pola empresa EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., estimo no cumpre co establecido nos pregos por cuanto a persoa encargada da coordinación dos centros, disporá dunha dedicación parcial, en tanto que no PPT, se establece para a persoa encargada da coordinación deberá estar con plena disponibilidad:*

*O Prego de Prescrición Técnicas no seu apartado 3.- COORDINADOR/A "A empresa adxudicataria deberá contar cun/cunha coordinador/a con plena disponibilidad que será o interlocutor do concello." EXTERNA SERVICIOS GENERALES DE EMPRESA, S.L., na súa proposta páxina 11 apartado a. 4) COORDINACIÓN DE LOS CENTROS, parágrafo terceiro:*

*El trabajo conjunto de esta estructura es el que hará eficiente y adecuado el cometido del personal adscrito al servicio, cumpliendo con eficacia y calidad el objeto del Servicio.*

Por lo tanto:

Asignación directa al proyecto y dedicación completa al mismo:

- Personal de portería, control de acceso, atención al público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asignación directa al proyecto con dedicación parcial:

- Responsable del Contrato: Coordinador Técnico del Servicio”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia municipal, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - Feder Vigo Vertical o 20 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acorda:

- Excluir a SENER INGENIERÍA Y SISTEMAS, S.A. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440) por non superar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (“serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”). A empresa obtivo unha puntuación total de 34 puntos, polo que non superou o 50% da puntuación outorgada aos criterios avaliables mediante xuízo de valor (75 puntos).

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

**e) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navía” (10.114-446)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o xefe do Servizo o 15 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:19	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAC42-C8D23H-4758A9-PE2V92-UCMETE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**f) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa Servizo de Educación o 16 de marzo de 2018 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:10, logo dun receso entre as 11:15 e as 13:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

